



XUNTA  
DE GALICIA

CONSERVATORIO PROFESIONAL  
DE MÚSICA DA CORUÑA



CMUS  
PROFESIONAL  
DA CORUÑA

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa  
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

# Programación de

## CONXUNTO

### 2025-26

**INDICE**

<b>1.Introdución .....</b>	<b>3</b>
<b>2.Metodoloxía .....</b>	<b>3</b>
<b>3.Atención á diversidade .....</b>	<b>4</b>
<b>4.Temas transversais .....</b>	<b>5</b>
4.1 Educación en valores .....	5
4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's) .....	5
<b>5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas .....</b>	<b>6</b>
<b>6. Secuenciación e organización da materia.....</b>	<b>7</b>
<b>7. Obxectivos.....</b>	<b>8</b>
7.1 Obxectivos do Grao Profesional.....	8
7.2 Obxectivos da asignatura de Conxunto.....	9
<b>8. Contidos.....</b>	<b>10</b>
<b>9. Avaliación.....</b>	<b>11</b>
9.1 Criterios de avaliación.....	11
9.2 Mínimos esixibles.....	12
9.3 Procedementos e ferramentas de avaliación.....	12
9.4 Criterios de cualificación.....	13
9.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	13
9.6 Medidas de recuperación.....	13
9.7 Procedementos de recuperación ordinarios.....	14
9.8 Probas extraordinarias de xuño.....	14
<b>10. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica .....</b>	<b>14</b>
<b>11. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento .....</b>	<b>15</b>
<b>ANEXO I: Probas de acceso a Grao Profesional.....</b>	<b>17</b>

## 1. Introducción

A Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas. Os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música fíxanse no Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro e se definen no marco da nosa comunidade no *Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música*.

A presente programación da concreción a ditos decretos a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento no Conservatorio Profesional de Música de A Coruña.

O grao profesional ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

## 2. Metodoloxía

A clase semanal cun grupo reducido de alumnos permite facer un seguimento individualizado do alumnado tanto no rendemento do conxunto como na progresión do seu estudo individual. Dito seguimento permitirá a adecuación e persoalización dos procedementos e actividades a desenvolver en función das necesidades, progreso e capacidades do grupo e os seus integrantes.

Tendo en conta que a clase consta dunha hora semanal, tempo que queda escaso especialmente nos alumnos dos cursos máis avanzados, a optimización das sesións deberá ser unha prioridade. Polo tanto, parte do tempo de clase dedicárase a fomentar hábitos e ferramentas que potencien a autonomía no estudo individual e nos ensaios da formación, tanto en aspectos técnicos como nos musicais.

Doutro lado, a puntualidade é un aspecto importante na dita optimización do tempo, polo que tratarase de formar una conciencia da importancia da mesma e da necesidade



de previsión da preparación dos instrumentos, a súa afinación e a propia adaptación da disposición da aula, que require dun certo tempo.

Fomentar o interese e respecto polo seu tempo persoal de estudo, concienciar da importancia da realización das tarefas encomendadas para casa e establecer uns métodos e hábitos de estudo e ensaio eficientes serán obxectivos prioritarios a desenvolver no alumno. A potenciación do sentido autocrítico tanto na interpretación como na actitude diante da materia fundamentará a consecución de ditos obxectivos.

A vocación do alumnado é outro factor que non se debe esquecer á hora de adoptar as medidas máis eficientes a aplicar en cada caso. Entre o alumnado de conxunto coexisten individuos cunha clara dirección cara á dedicación profesional á música e os que van dedicarse a outros estudos superiores. Procurarase en todo momento motivar ao alumnado de cara a un maior rendemento e a reforzar dita vocación nun caso e a potenciar a súa implicación e responsabilidade no outro.

Ó tratarse de alumnos maiores, o contacto coas familias pode non ter que ser moi frecuente, máis facilitarase establecer unha comunicación fluida a nivel informativo con elas.

### **3. Atención á diversidade**

Como xa se mencionou, a orientación cara os estudos superiores do alumnado nestes cursos é variable, polo que será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz. A vía para o tratamento da diversidade é a adaptación curricular, que e o conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado.

Dependendo das circunstancias que se presenten no aula, o profesor poderá plantexar as seguintes estratexias:

- Adaptacións do material didáctico.
- Variacións da metodoloxía.
- Propoñer actividades de traballo alternativas.



- Organizar o traballo de forma flexible.
- Acelerar ou frear o ritmo de introducción de novos contidos.

#### **4. Temas transversais**

##### **4.1 Educación en valores**

A educación no ámbito musical non debe acabar no simple feito do desenvolvemento de destrezas técnicas e un desenrolo da sensibilidade musical. Para unha formación integral do alumnado tamén é importante o tratamento de contidos transversais. Estes contidos, que responden á realidade da vida cotiá no ámbito social, son esencialmente de carácter actitudinal e representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade actual. O tratamento destes contidos debe despertar no alumnado unha especial sensibilidade cara a dita realidade.

O carácter participativo e colaborador da práctica musical, facilita a incorporación destes temas ao aula especialmente na práctica de conxunto. Temas como a igualdade de oportunidades entre sexos, o derrube das barreiras raciais, a educación para a saúde, compromiso co medio ambiente ou educación para a paz poderán ser incorporados nas clases desta materia.

##### **4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)**

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá é cada día máis patente, a súa utilización esténdese ata ámbitos insospeitados. O estudo da música nos conservatorios cínquese, na maioría dos casos, á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais. Incluso nestas circunstancias que a priori poden parecer pouco dadas ao uso das TIC's pódense empregar co fin de complementar e facilitar o proceso de ensino-aprendizaxe.

O uso de materiais audiovisuais relacionados ca materia xa non é unha novidade nos tempos que corren, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como

YouTube, Vimeo, Spotify, etc. Estas plataformas unidas á compartición masiva de material audiovisual facilita o seu uso no aula para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos e a exploración de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical.

Por outro lado a facilidade de xerar dito material con ferramentas cada vez máis accesibles (videocámaras, grabadoras, tablets, teléfonos, etc) permite analizar no aula as propias actuacións ou interpretacións e así aportar un maior grado de obxectividade á percepción de sí mesmo que ten o alumno.

O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado así como o seu rápido acceso no aula no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes. As plataformas de almacenamento como Dropbox o GoogleDrive permiten a creación de espazos de compartición de material electrónico para os alumnos que poden ser controlados polo profesor. Os motores de busca tamén serán de gran utilidade especialmente á hora de recompilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc.

O uso de todos os materiais relacionados coas TIC's empregados no aula debe respectar en todo momento as leis distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

## **5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas**

Os alumnos participarán nas audicións públicas da materia sempre que teñan o seu repertorio listo para ser presentado ó público. Dada a variedade e abundancia de profesorado que imparte Conxunto, estas actuacións poden realizarse en audicións propias do departamento (unha ou dúas por trimestre) ou dentro de audicións doutras especialidades instrumentais.

Poderanse organizar desde o departamento ou a aula da especialidade un ou varios cursos / master-class ao longo do curso. A asistencia aos ditos cursos será sempre voluntaria aínda que dado o contido dos mesmos é recomendable.



Asimismo, o departamento pode organizar actividades externas ao centro en colaboración con outras institucións culturais, que constitúen un magnífico escaparate cara o noso entorno social.

## 6. Secuenciación e organización da materia

A materia de Conxunto abarca alumnado de cursos e especialidades diversos:

- Especialidades instrumentais agás guitarra e piano: 1º e 2º de Grao Profesional
- Guitarra e piano: 1º, 2º, 3º e 4º de Grao Profesional.

Ó comenzo do curso, os alumnos son agrupados segundo diferentes criterios, entre os que se atopan:

### 1. Formación de agrupacións camerísticas consagradas en función do seu repertorio:

- . Cuarteto de Corda
- . Quinteto de Vento
- . Quinteto de metáis
- . Trío con piano

Neste caso, efectuarase unha rigurosa selección de alumnado, tendo en conta o seu nivel instrumental e moi especialmente o seu grao de compromiso tanto a nivel individual como familiar coas actividades do centro, xa que será imprescindible a realización de ensaios fóra da aula.

2. Grupos de alumnos do mesmo instrumento, que poderán incluír a súa actividade dentro de ensembles xa formados e con longa tradición non noso centro.

3. Intercambios esporádicos ou durante trimestres completos entre diferentes clases por razóns de repertorio.

4. No caso dos alumnos de Gutarra, podrán cursar esta materia formando combos con instrumentos modernos e en colaboración con alumnado de percusión. Poderán participar nestes grupos de xeito alternativo con ensemble de guitarras e arpas.

A formación de grupos recolle, polo tanto, unha variedade enorme de combinacións, e na maioría dos casos incluírá alumnos de diferentes cursos no mesmo grupo. Por este motivo, esta programación debe entenderse sempre considerando estes aspectos, e a súa aplicación realizarse tendo en conta o nivel instrumental individual do alumnado implicado. Por esta mesma razón, só se contempla a secuenciación dun curso da materia.

## **7. Obxectivos**

### **7.1 Obxectivos xerais para o Grao Profesional**

Os obxectivos xerais da L.O.E. para o Grao Profesional son os que se indican a continuación. Os estudos musicais no Grao Profesional terán como obxectivo contribuír ao desenvolvemento das seguintes capacidades no alumnado:

a) Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.

b) Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.

c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.

d) Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.



e) Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.

f) Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.

g) Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.

h) Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exixencias das obras.

i) Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.

j) Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.

k) Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.

l) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

## 7.2 Obxectivos da asignatura de Conxunto

As ensinanzas de conxunto dos estudos profesionais de música terán como obxectivos contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

a) Afondar no coñecemento dos estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.

b) Dominar o propio instrumento de acordo coas exixencias de cada obra.

c) Respetar as normas que exige toda actuación en grupo e valorar a interpretación en conxunto como un aspecto fundamental da formación musical.



d) Aplicar a audición polifónica para escoitar simultaneamente as partes ao mesmo tempo que se executa a propia, demostrando sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.

e) Utilizar unha ampla e variada gama sonora, de xeito que o axuste do son se realice en función dos demais instrumentos do conxunto e das necesidades interpretativas da obra.

f) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

g) Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista.

h) Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

i) Coñecer e realizar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada.

j) Interpretar obras representativas do repertorio do conxunto instrumental de dificultade axeitada ao nivel.

## 8. Contidos

A ensinanza da práctica de Conxunto no Grao Profesional terá como obxectivo contribuír ao desenrolo das capacidades no alumnado, mediante o traballo dos seguintes contidos:

-A unidade sonora: respiración, ataque, vibrato, afinación, articulación, ritmo, fraseo, etc.

-Agónico e dinámico.

-Estudo e práctica dos xestos anacrúsicos para tocar sen dirección.

-Equilibrio sonoro e de planos.

-Control permanente da afinación.

-Desenvolvemento da igualdade de ataques.

-Análise e interpretación de obras do repertorio.

- Práctica de conxunto da agrupación correspondente.
- Traballo gradual do repertorio básico máis salientable da agrupación correspondente.
- Valoración do sistema como marco da interpretación.
- Audicións comparadas de interpretacións de conxuntos, para analizar de maneira crítica as características das versións.
- Traballo do repertorio das grandes agrupacións en forma de ensaios seccionais.
- Estudo da práctica do Basso continuo.

## 9. Avaliación

O profesor avaliará aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos, os criterios de avaliación e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora, e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como as probas realizadas, a súa asistencia e actitude.

Ao comezo do curso o profesor realizará unha **avaliación inicial** có fin de detectar o nivel dos alumnos en función das súas capacidades, actitudes e coñecementos. A información obtida nos permitirá adaptar os novos contidos, o repertorio, e as actividades á realidade do noso alumnado, asegurando unha asimilación adecuada.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso.

### 9.1 Criterios de Avaliación

Os criterios xerais da L.O.E. para esta materia son os que a continuación se especifican. A ensinanza da práctica do Conxunto no grao profesional terá como obxectivo

contribuír ou desenrolo das capacidades no alumnado, o que se avaliará mediante os seguintes criterios de avaliación:

- 1) Interpretar obras do repertorio propio da agrupación correspondente.
- 2) Actuar como responsable do grupo, dirixindo a interpretación colectiva mentres realiza a súa propia parte, se procede.
- 3) Ler a primeira vista unha obra de pequena dificultade na agrupación que corresponda.
- 4) Estudar as obras correspondentes ao repertorio programado.
- 5) Interpretar en público obras do repertorio para conxunto.

## 9.2 Mínimos esixibles.

Mínimos trimestrais:

- traballo en profundidade de 10 minutos de música dentro da agrupación
- estudar a parte individual

Mínimos anuais:

- traballo en profundidade de 30 minutos de música abarcando polo menos dous estilos diferentes dentro da agrupación
- ter participado en, a lo menos, unha audición ou concerto público ó longo do ano.

## 9.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Os procedementos e ferramentas de avaliación son os seguintes:

1. A Observación na práctica da materia como medio para a **avaliación continua**.
2. A Observación na práctica da materia como medio para a **avaliación trimestral e final** nas diferentes probas e audicións. De xeito coordinado cos outros profesores da asignatura calibraranse e homoxeneizaranse as cualificacións, procurando garantir que as cualificacións dos diferentes profesores sexan o máis uniformes posibles.

#### 9.4 Criterios de cualificación

A cualificación trimestral incluirá os apartados seguintes. No caso de, por causa xustificada, non realizarse algún deles, eliminarase da ponderación.

Avaliación continua	Proba de aula	Audición
40%	30%	30%

E serán considerados os aspectos seguintes: Actitude, Interpretación e Traballo fóra da aula relacionados cos criterios de avaliación como sigue:

Actitude	Interpretación	Traballo fóra da aula
2,4,5	1, 3, 4, 5	4

#### 9.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia o alumno deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación así como ter superados os obxectivos do curso e polo menos o 90% dos contidos do apartado mínimos esixibles na última clase antes da reunión da comisión que valorará as solicitudes e poderá, de consideralo oportuno, elevar dita solicitude ao Consello Escolar e á dirección do centro, quen poderá conceder a dita ampliación.

#### 9.6 Medidas de recuperación

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades e probas programadas na seguinte avaliación ou poderá contemplar actividades de reforzo dos aspectos que precisen mellora. Deste xeito, as avaliacións que no foran cualificadas positivamente

consideraranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

Para os alumnos que teñan a materia pendente de cursos anteriores realizarase un plan de traballo específico que contemple os obxectivos e contidos que aínda precisen ser superados ou mellorados e que poderá constar de actividades de reforzo, modificación das probas do curso ou probas complementarias.

### 9.7 Procedementos de recuperación ordinarios

Os alumnos que non podesen ser avaliados de maneira continua, poderán realizar unha proba ao final de cada avaliación. No caso de que o alumno non a supere, terá dereito a presentarse ao examen a final de curso.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

CUALIFICACION		
Dominio da parte individual (33%)	Conxunto, sincronía e interese polas outras voces (33%)	Adaptación estilística (33%)

### 9.8 Probas extraordinarias de xuño

Os alumnos que non obtivesen cualificación positiva na avaliación ordinaria de xuño poderán presentarse á proba extraordinaria de xuño e presentarán de xeito individual o repertorio traballado ao longo do curso.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

CUALIFICACION		
Destreza instrumental (33%)	Ritmo (33%)	Adaptación estilística (33%)

## 10. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Ao longo do curso, nas reunións do departamento, os profesores revisarán de forma continua o grao de cumprimento da programación así como os resultados

académicos dos alumnos, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos propostos, como as características individuais de cada un dos alumnos e conxuntas dos grupos: avaliación inicial, atención nas clases, tempo dedicado ao instrumento e ensaios, condicións, talento, capacidades, etc.

Os profesores informarán aos alumnos e a seus pais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da súa evolución. Asímesmo, para un bo desenvolvemento da acción tutorial e unha atención individualizada, intentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno e grupo.

### **11. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento**

As reunións do departamento son o foro onde se realizará de forma permanente, a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos etc.

Comentaranse regularmente as audicións realizadas polos alumnos, os resultados globais de cada avaliación e calquera cuestión que os membros do departamento consideren oportuna. Trasladaranse á comisión de coordinación pedagóxica os puntos que os profesores estimen necesarios. Finalmente revisaranse as porcentaxes finais de aprobados e suspensos e unificaranse criterios para obter o óptimo desenvolvemento musical, artístico e instrumental dos alumnos e os grupos.

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta e de forma moi destacada, os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: material impreso: partituras, libros de consulta, revistas especializadas, instrumentos e o seu estado (pianos de cola en número suficiente e aulas con dous pianos ), mobiliario adecuado, orzamento para actividades, cursos, clases maxistras, dispoñibilidade de aulas para clases de apoio, número de profesores axeitado en relación coa demanda, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos profesores etc.; en definitiva, os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade, e que permita aos profesores e



XUNTA  
DE GALICIA

CONSERVATORIO PROFESIONAL  
DE MÚSICA DA CORUÑA



CMUS  
PROFESIONAL  
DA CORUÑA

alumnos levar a cabo, de forma real os obxectivos que a programación expón só dunha forma teórica.





## ANEXO I: Probas de acceso a Grao Profesional

Para tódolos cursos, os alumnos deberán realizar un exame lectura a vista dun ou varios pasaxes propostos polo tribunal.

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

CUALIFICACION		
Destreza instrumental (33%)	Ritmo (33%)	Adaptación estilística (33%)